

QUÉN SON MULLERES COLLEITEIRAS

Mulleres Colleiteiras é unha cooperativa sen ánimo de lucro formada por mulleres en situación de vulnerabilidade. A actividade principal da empresa é a recollida e xestión do aceite vexetal usado (doméstico).

Realizamos tamén a instalación e mantemento dos contedores e toda a xestión documental (somo axentes de residuos non perigosos, ademáis de transportistas e xestoras).

Nace do traballo desenvolvido durante anos por ASF (Arquitectura sen Fronteiras) nos asentamentos chabolistas da cidade da Coruña e tén os seguintes obxectivos principais:

- Promover a inserción sociolaboral de mulleres en situación de vulnerabilidade, favorecendo o seu empoderamento no ámbito persoal, familiar e comunitario mediante a súa independencia económica e a adquisición de coñecementos e capacidades que melloran o seu desenvolvemento laboral e persoal.
- Promover o ciclo completo da xestión dun residuo altamente contaminante: da recollida á reutilización nun proceso local e de baixo custo.
- Construír un proxecto ambiental e empresarial viable e sustentable baseado na economía social, na que o principal garante é o capital humano.
- Desenvolver unha rede de colaboracións para realizar un labor pedagóxico mediante campañas de difusión e sensibilización da cidadanía sobre a importancia da xestión dos residuos, a reciclaxe dos mesmos e o seu papel na xeración de novos combustibles que produzan enerxía máis limpa.

BENEFICIOS DO PROXECTO:

Económicos e sociais:

- Integración de mulleres en situación de exclusión social mediante a creación de postos de traballo que xeran un beneficio económico ao tempo que realizan un servizo á cidadanía.
- Normalización das actividades desenvolvidas pola poboación de xeito irregular, adaptándoas ao sector formal a través do autoemprego e optimizando así o seu rendemento.

Medioambientais:

- Resólvese o problema do vertido: A falta dunha recollida selectiva e o aceite doméstico que se tira polo vertedoiro, ocasiona altos custos de mantemento para as redes de sumideiros e, sobre todo, para as instalacións das depuradoras que os procesan. Un litro de aceite contamina de 1.000 a 40.000 l de auga.
- Aproveitamento dun recurso moi enerxético que produce enerxía máis limpa.

PROXECTOS E OBXECTIVOS

Somos Transportistas e Xestoras Autorizadas para a Xestión do Aceite Vexetal Usado e Axentes de Residuos non perigosos.

Estamos certificadas en ISCC e ISO 9001

Recollemos nos concellos de: A Coruña, Arteixo e Cerceda e en numerosos centros de ensino, entidades veciñais, tendas e centros comerciais, así coma no canle HORECA en toda a provincia da Coruña.

Estamos agardando resposta a propostas de colaboración con varios concellos máis da provincia da Coruña e de Lugo.

COLABORACIÓNS PRINCIPAIS ACTUAIS:

EDAR DE BENS: Convenio de colaboración renovado anualmente para a adquisición de maquinaria e ferramenta e para repostar coa nova furgoneta nas súas instalacións o biogás (GNC) que produce.
FUNDACIÓN EMALCSA: Convenio mediante o que adquirimos unha nova furgoneta a GNC que repostamos na EDAR de BENS e coa que conseguimos reducir a pegada de carbono en máis dun 80%.

VEGO SUPERMERCADOS (EROSKI): Convenio para a recollida do aceite vexetal de 47 centros (supermercados) de toda a provincia da Coruña

ALCAMPO (Coruña e Ferrol): Convenio para a recollida do aceite vexetal de 2 centros (supermercados) da provincia da Coruña.

ESTRELLA GALICIA: Recollida nas dúas cervexarías da Estrella

SODEXO: Recollida nos comedores de INDITEX da provincia

JARDANAY: Recollida nos comedores de varios centros de ensino e comedores de centros como La Voz de Galicia ou Showa Denko Carbon Group e da súa cociña central.

Tamén coa Cociña Económica da Coruña, Hogar de Sor Eusebia e outras entidades benéficas para a comunidade.

OBXECTIVOS / PROXECTOS A MEDIO/LONGO PRAZO:

- Desenvolver un proxecto de investigación para a transformación do aceite en HVO (Hydrotreated Vegetable Oil: aceite vegetal hidrotreatado, un diésel que contamina até un 90% menos) para o seu uso local.
- Participar no desenvolvemento dunha estratexia de economía circular de residuos dentro da economía social galega.
- Desenvolver un proxecto de uso directo do aceite (unha vez valorizado) para as instalacións e caldeiras de calefacción de equipamentos municipais. Neste caso, a nosa intención é realizar un proxecto piloto cun dos centros de ensino onde realizamos charlas para que o alumnado sexa parte do proxecto: reciclando aceite para poder quentar o seu centro.



PRESENTACIÓN MULLERES COLLEITEIRAS, S. COOP. GALEGA

Tamén queremos chamar á responsabilidade social das nosas institucións ademáis de aportar unha proposta eficiente na reutilización do residuo fronte ao custo económico e medioambiental do seu transporte e transformación fóra de Galiza.

Para construír un entorno e unha economía que sitúe ás persoas no centro e acadar a igualdade social e estes obxectivos, queremos tecer redes e crear sinerxias entre as entidades de economía social, as entidades públicas e privadas, as administracións e a cidadanía.

Animámosvos a participar e a colaborar con nós!

Mulleres Colleiterias, s. Coop. Galega. NIF F70457981
Rúa O Barbanza, nave 9, Pol. Ind. Iñas 15171, Oleiros, A Coruña, Tf:
608549354, mullerescolleiteiras@gmail.com